



Grupo Municipal
RIBEIRA

ARXELES GONZÁLEZ CRUXEIRAS, Concelleira do Grupo Municipal do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, neste Concello, presenta a seguinte solicitude ante o **Pleno Municipal**, en relación coa demanda de xestións por parte deste Concello ante a Entidade Caixa Galicia con relación o peche da oficina que esta entidade ten na parroquia de Carreira.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Ante o inminente peche da Oficina da Caixa Galicia de Campos-Carreira comunicado por o Sr. Álvaro García Diéguez, *director adxunto de Deseño e Desenvolvemento de negocio*, mediante correo ordinario; aos usuarios desta Oficina, os veciñ@s amosaron a desconformidade e malestar cunha decisión que se toma sen telos en conta.

Carreira é unha parroquia con preto de 2500 habitantes, conta coa devandita oficina dende o ano 1984, no seu día foi unha das parroquias máis dinamizadas do Concello de Ribeira e naqueles intres os seus veciñ@s depositaron a confianza na entidade para gardar os seus aforros: era daquela cando moitos veciñ@s que tiñan as contas bancarias en outras entidades se decidían a cambiar para a Caixa Galicia que se instalaba en Carreira, e non se facía por comodidade simplemente, senón coa boa vontade de facer medrar a entidade; se eles ían prestar ese servizo a parroquia, a parroquia agradecía depositando nesa entidade os seus aforros. Así pasaron os anos e as xentes do lugar afixéronse a ter a Caixa a carón, a desprazarse a mesma a pe e a confiar plenamente nas persoas que alí estaban a traballar.

Ro escrito que esta entidade remite aos usuarios, falan dun plan de mellora na súa rede, unha mellora que para a veciñanza é un *xarro de auga quente*. Non se pode entender que prive dun servizo a unhas xentes que no seu día os fixeron medrar e afianzarse.

Agora mesmo, Carreira conta cunha poboación envellecida, onde aos maiores lles resultaría de grande incomodidade ter que desprazarse para facer as xestións que habitualmente fan nesta oficina; asemade, aos negocios dos arredores tamén lle supón un gravísimo trastorno, pois ante calquera xestión de urxencia a realizar, terían que contar sempre co transporte público ou privado para desprazarse, o que repercutiría moi negativamente nos seus intereses. A Función Social que teñen as Caixas debería contemplar estas inquiredanzas, e non permitirles actuar de xeito que priven a toda unha poboación dun servizo e que dunha vez para sempre deixen de primar os simples intereses económicos.

Ante o exposto e o patente rexeitamento que opoñen os veciñ@s de Carreira e arredores a esta decisión, remitíuselle o Director da Entidade un escrito acompañado dun número importante de sinaturas manifestando alí o desacordo da parroquia ante tal decisión.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do BNG presenta a seguinte:

SOLICITUDE

Que por parte do Goberno Municipal se fagan as xestións oportunas perante a Entidade, para que os veciñ@s de Carreira non se teñan que ver privados deste servizo.

Ribeira, 05 de Decembro de 2008

Asdo.: Anxeles González Cruxeiras

SR. ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE RIBEIRA